

ASUNTO

XGL/2020/00003877X

Convocatoria de sesión Extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 10 de decemrO de 2020.

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local de Santiago de Compostela:

Mercedes Roson Ferreiro
Gumersindo Guinarte Cabada
Milagros Castro Sanchez
Gonzalo Muiños Sanchez
Marta Abal Rodriguez
Jose Manuel Pichel Patiño
Jose Javier Fernandez Martinez

Convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión Extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local que terá lugar Casa Consistorial o día 10/12/2020, as 11:15 horas, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día una hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00003877X.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2. COMERCIO. Referencia: AXUCOMCOR20.

PROPOSTA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O RESCATE DO COMERCIO LOCAL AFECTADO POLA CRISE DA COVID 19. CORRECCIÓN ERRO MATERIAL

Corríxese o devandito erro material. Trala aprobación das bases, apreciase un erro material na base 11ª ao relacionar a documentación que terán que presentar as persoas beneficiarias para as tarefas de cotexo documental a realizar por esta administración local, ao non incluír entre dita documentación o documento modelo trimestral 131 de IRPF para aqueles empresarios e profesionais en réxime de estimación obxectiva.

3. DEPORTES. Referencia: 3478/2020.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto, S.A.D. para o ano 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 7 de decembro de 2020 do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto, S.A.D. para o ano 2020.

4. COMERCIO. Referencia: DACONVAREA20.

DACIÓN DE CONTA SINATURA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E A INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO ANO 2020

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro comercial Área Central, para levar a cabo un

programa de dinamización comercial e a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na anualidade 2020 por un importe de 30.000 euros.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00002172F.

Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural O Galo

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural O Galo por un importe de 4.339,6 €.

6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00002124M.

Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural Cidade Vella por un importe de 20.000 €.

7. FOMENTO. Referencia: CX33AxudasHosteleríaCorreccióndeErros2020.

Corríxese un erro material nas bases de axuda á hostalería. Trala aprobación das bases, apreciase un erro material na base 11ª ao relacionar a documentación que terán que presentar as persoas beneficiarias para as tarefas de cotexo documental a realizar por esta administración local, ao non incluír entre dita documentación o documento modelo trimestral 131 de IRPF para aqueles empresarios e profesionais en réxime de estimación obxectiva.

8. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2020/00003820E.

APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E O PAGAMENTO DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE 2020

Apróbanse as xustificacións presentadas e pagamento das subvencións ás asociacións veciñais por un importe total de 48.002,26 €.

9. DEPORTES. Referencia: 3477/2020.

Dar conta da sinatura do Convenio co Club Victoria de Santiago de Compostela 2020.

Tómase coñecemento da sinatura o 9 de decembro de 2020, do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Victoria de Santiago de Compostela para o ano 2020.

10. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: VI/1/2018, VI/4/2018, VI/5/2018, VI/6/2018, VI/7/2018.

Apróbase definitivamente a concesión da subvención para a rehabilitación dun inmovible da ARRU do barrio de Vite, ao abeiro da 1ª Fase do Convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago de Compostela (CC.PP. GARCÍA LORCA 10 BLOQ. 11) por importe de 25.735,04 €. Denéganse catro.

11. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00003877X.

MODIFICACIÓN DA BASE 11 DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O RESCATE DO SECTOR CULTURAL AFECTADO POLO COVID19.

Corríxese un erro material nas bases de axuda ao comercio. Trala aprobación das bases, apreciase un erro material na base 11ª ao relacionar a documentación que terán que presentar as persoas beneficiarias para as tarefas de cotexo documental a realizar por esta administración local, ao non incluír entre dita documentación o documento modelo trimestral 131 de IRPF para aqueles empresarios e profesionais en réxime de estimación obxectiva.

CRIPTOLIB_CF_Firma Alcalde